

Comandos GNU/Linux e SHELL BASH (/bin/bash)

terminator

```
user@computer: ~ 82x24
top - 23:30:36 up 3:26, 0 users, load average: 1,12, 1,18, 1,23
Tasks: 277 total, 2 running, 275 sleeping, 0 stopped, 0 zombie
%Cpu0 : 0,0 us, 0,0 sy, 0,0 ni, 100,0 id, 0,0 wa, 0,0 hi, 0,0 si, 0,0 st
%Cpu1 : 1,7 us, 0,3 sy, 0,0 ni, 91,0 id, 7,0 wa, 0,0 hi, 0,0 si, 0,0 st
%Cpu2 : 99,3 us, 0,7 sy, 0,0 ni, 0,0 id, 0,0 wa, 0,0 hi, 0,0 si, 0,0 st
%Cpu3 : 0,7 us, 0,3 sy, 0,0 ni, 99,0 id, 0,0 wa, 0,0 hi, 0,0 si, 0,0 st
KiB Mem: 3890584 total, 2629160 used, 1261424 free, 333924 buffers
KiB Swap: 2559996 total, 0 used, 2559996 free. 984516 cached Mem

PID USER PR NI VIRT RES SHR S %CPU %MEM TIME+ COMMAND
3118 user 20 0 5764 1328 1240 R 100,0 0,0 74:14.74 yes
1365 root 20 0 447536 8768 7668 S 0,7 0,2 0:33.04 gvfsd-trash
1974 user 20 0 1981900 227836 55620 S 0,7 5,9 2:18.69 gnome-shell
411 root -51 0 0 0 0 S 0,3 0,0 0:06.97 irq/30-iwlwia+
1294 root 20 0 533228 34392 23320 S 0,3 0,9 0:00.79 nm-applet
1705 root 20 0 297288 49880 36332 S 0,3 1,3 1:19.41 Xorg
2010 user 20 0 729972 48340 28644 S 0,3 1,2 0:04.91 nautilus
2087 user 20 0 447536 8480 7372 S 0,3 0,2 0:32.94 gvfsd-trash
5384 root 20 0 0 0 0 S 0,3 0,0 0:00.15 kworker/u8:0
5534 user 20 0 25800 3112 2496 R 0,3 0,1 0:01.30 top
1 root 20 0 177548 5772 3092 S 0,0 0,1 0:01.67 systemd
2 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.00 kthreadd
3 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.92 ksoftirqd/0
5 root 0 -20 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.00 kworker/0:0H

user@computer: ~
uid=1000(user) gid=1001(user) grupos=1001(user),14
user@computer:~$ su -
Contraseña:
root@computer:~# id
uid=0(root) gid=0(root) grupos=0(root)
root@computer:~# 
```



```
user@computer:~$ ping -c2 www.google.es
PING www.google.es (178.60.128.20) 56(84) bytes of data.
64 bytes from cache.google.com (178.60.128.20): icmp_seq=1 ttl=64 time=1.14 ms
64 bytes from cache.google.com (178.60.128.20): icmp_seq=2 ttl=64 time=1.14 ms

--- www.google.es ping statistics ---
2 packets transmitted, 2 received, 0% packet loss,
rtt min/avg/max/mdev = 50.088/50.432/50.777/0.411
user@computer:~$ 
```

gnome-terminal

```
Archivo Editar Ver Buscar Terminal Ayuda
Every 1,0s: ip addr show eth0
Sat Jan 16 00:04:22 2016
2: eth0: <NO-CARRIER,BROADCAST,MULTICAST,UP> mtu 1500 qdisc pfifo_fast state DOW
N group default qlen 1000
link/ether 08:9e:01:11:9d:cc brd ff:ff:ff:ff:ff:ff

user@computer: ~
top - 00:04:21 up 4:00, 0 users, load average: 1,39, 1,25, 1,24
Tasks: 278 total, 2 running, 276 sleeping, 0 stopped, 0 zombie
%Cpu(s): 28,4 us, 3,3 sy, 0,0 ni, 65,9 id, 2,3 wa, 0,0 hi, 0,0 si, 0,0 st
KiB Mem: 3890584 total, 2637656 used, 1252928 free, 339636 buffers
KiB Swap: 2559996 total, 0 used, 2559996 free. 965112 cached Mem

PID USER PR NI VIRT RES SHR S %CPU %MEM TIME+ COMMAND
3118 user 20 0 5764 1328 1240 R 100,0 0,0 107:59.28 yes
1974 user 20 0 1989872 2377096 56120 S 14,3 6,1 3:09.74 gnome-shell
1705 root 20 0 300376 48400 33788 S 8,0 1,2 1:35.56 Xorg
7323 user 20 0 346828 30192 21864 S 1,7 0,8 0:00.42 gnome-scre+
1365 root 20 0 447536 8768 7668 S 1,0 0,2 0:47.33 gvfsd-trash
2087 user 20 0 447536 8488 7372 S 1,0 0,2 0:47.21 gvfsd-trash
411 root -51 0 0 0 0 S 0,3 0,0 0:08.04 irq/30-iwlwia+
801 message+ 20 0 43964 4968 2992 S 0,3 0,1 0:01.91 dbus-daemon
840 redis 20 0 38200 3092 2272 S 0,3 0,1 0:07.21 redis-serv+
1881 user 20 0 42964 3340 2064 S 0,3 0,1 0:01.44 dbus-daemon
1 root 20 0 177548 5772 3092 S 0,0 0,1 0:01.70 systemd
2 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.00 kthreadd
3 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:01.08 ksoftirqd/0
5 root 0 -20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.00 kworker/0:+
7 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:06.90 rcu_sched
8 root 20 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.00 rcu_bh
9 root rt 0 0 0 0 S 0,0 0,0 0:00.01 migration/0

user@computer: ~
2 packets transmitted, 2 received, 0% packet loss,
rtt min/avg/max/mdev = 50.088/50.432/50.777/0.411
user@computer:~$ 
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Proceso Arranque GNU/Linux	
BIOS or UEFI	MBR or GPT
Xestor Arranque	grub2: <e>,<Ctrl>+<x>
kernel	vmlinuz + initrd ([gzip](cpio)),(squashfs)
init	sysvinit (/etc/inittab) or upstart (/etc/init/rc-sysinit.conf) or systemd (/etc/systemd/, /lib/systemd/)
runlevels	/etc/init.d, /etc/rcX.d, insserv or update-rc.d or chkconfig or systemctl init, telinit
/etc/rc.local	executed at the end of each multiuser runlevel
dmesg pstree -palA, ps -efjh	print or control the kernel ring buffer, display a tree of processes



man 7 boot: Descripción xeral da secuencia de arranque. (URL Arranque del sistema)

- A secuencia de arranque varía de un sistema a outro pero pódese dividir basicamente nos seguintes pasos:

1. Arranque do hardware. (BIOS)
2. Cargador do sistema operativo(SO) (**MBR** ou **GPT**)
3. Posta en marcha do núcleo (kernel) (**GRUBv2** -> /boot/grub -> /boot: **vmlinuz-version**, **config-version**, **System.map-version**, **initrd.img-version**)
4. init (tendencia actual systemd)
5. Scripts de arranque (runlevels -> /etc/init.d -> /etc/rcX.d -> /etc/rc.local)

1. Arranque do hardware:

Botón encendido ou reset --> BIOS(MBR) ou UEFI(GPT) --> Recoñecemento e comprobación básica do hardware (POST) --> Elexir dispositivo de arranque (boot) --> Disco duro (CD, DVD, USB, Rede...) --> Cargador do SO en memoria --> Control ao dispositivo de arranque

2. Cargador do SO --> MBR (Sector 0 = 512B) --> Táboa de particións --> Partición activa --> GRUBv2 --> **chamada ao núcleo (kernel)**

3. Posta en marcha do núcleo (kernel) --> parámetros de arranque (man 7 bootparam) --> inicializa dispositivos mediante os drivers --> arranca swapper --> monta sistema de ficheiros raíz (/) --> arranca proceso 1 en espazo de usuario --> /sbin/init con parámetros que non foron manexados polo núcleo

4. init:

init --> sistemas sysvinit --> /etc/inittab
 init --> sistemas upstart --> /etc/init/rc-sysinit.conf
init (man 1 init) --> sistemas systemd (tendencia actual)--> /etc/systemd, /lib/systemd
 --> runlevels (níveis de execución) (man 8 runlevel) --> systemctl (man 1 systemctl) --> cada nivel asóciase cun conxunto de servizos (man 1 init || man 8 telinit)

5. Scripts de arranque:

- Para cada servizo --> 1 script de inicialización en /etc/init.d (start, stop, restart, status)
- Para runlevel X --> /etc/rcX.d --> servizos en orde numérica que poden comenzar por S (start) ou K (stop), os cales son accesos directos (ligazóns simbólicas) a servizos en /etc/init.d
- Para modificar esas ligazóns simbólicas podemos empregar comandos específicos para tal fin: insserv, chkconfig, **update-rc.d** (en debian), **systemctl** (en sistemas systemd)
- Logo dos scripts de arranque execútase o script /etc/rc.local no caso que exista.

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a **Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License**

Comandos iniciais

man, help, echo, cd, ls, mkdir, rmdir, rm, cp, ln, mv, pwd

- man: Ver páxinas do manual dos comandos.

```
$ man man #Ver o manual do comando man. Para saír das páxinas do manual premer a tecla q. Para buscar patróns dentro das páxinas premer a tecla / e a continuación escribir o patrón de búsqueda, é dicir, se queremos buscar o patrón man escribir /man. Para seguir buscando referencias do patrón buscado hacia adiante premer n, e N se se quere ir hacia atrás nas referencias atopadas.
```

A distribución inferior amosa os números de sección do manual seguidos polo tipo de páxina que contén:

- 1 Programa executable ou comandos da shell
- 2 Chamadas ao sistema (funcións proporcionados polo núcleo)
- 3 Chamadas a biblioteca (funcións dentro de bibliotecas de programa)
- 4 Ficheiros especiais (usualmente atopado en /dev)
- 5 Formatos de ficheiro e convencións p. e. /etc/passwd
- 6 Xogos
- 7 Diversas (inclúense paquetes macro e convencións), p. e. man(7), groff(7)
- 8 Comandos administrativos do sistema (normalmente so para administrador)
- 9 Rutinas do núcleo [Non comúns]

```
$ man ls #Ver o manual do comando ls. Para buscar a opción -l premer /l
```

```
$ man cp #Ver o manual do comando cp. Para buscar a opción -p premer /p
```

```
$ man 1 cp #Ver ás páxinas do manual referidas á sección 1 do comando cp. Para buscar a opción -p premer /p
```

```
$ man 8 sudo #Ver ás páxinas do manual referidas á sección 8 do comando sudo.
```

```
$ man ln #Ver o manual do comando ln. Para buscar a opción -s premer /s
```

- help: Amosar información de uso (axuda) sobre os comandos internos (builtin). Estes comandos son internos á Shell Bash e están sempre cargados na súa memoria.

```
$ help help #Amosar información de uso do comando interno help
```

```
$ help #Amosar todos os comandos internos
```

```
$ help type #Amosar información sobre o comando interno type
```

```
$ help cd #Amosar información sobre o comando interno cd
```

```
$ help echo #Amosar información sobre o comando interno echo
```

- echo: Escribe os argumentos pasados á saída estándar (pantalla).

```
$ echo Ola mundo #Volca na pantalla Ola mundo
```

```
$ echo -n Ola mundo #Volca na pantalla Ola mundo e non engade unha nova liña
```

```
$ echo -e 'Ola mundo\nMundo ola' #Coa opción -e interpreta os caracteres escapados coa barra invertida '\'. Así, neste caso volca na pantalla Ola mundo, interpreta \n que significa nova liña, e volca a continuación Mundo ola
```

```
$ echo -e 'Ola mundo\nMundo ola\tOla mundo' #Coa opción -e interpreta os caracteres escapados coa barra invertida '\'. Así, neste caso volca na pantalla Ola mundo, interpreta \n que significa nova liña, volca a continuación Mundo ola, interpreta \t que significa tabulado horizontal e volca de novo Ola mundo
```

- cd: Cambiar de directorio de traballo da SHELL.

```
$ cd /tmp #Cambiar o directorio de traballo a /tmp, é dicir, acceder a /tmp
```

```
$ cd . #Cambiar o directorio de traballo actual, é dicir, permanecer no directorio de traballo actual: o directorio punto '..'
```

```
$ cd .. #Cambiar o directorio de traballo pai (o directorio punto punto '..'), é dicir, o imediatamente anterior, neste caso o directorio raíz '/'
```

```
$ cd #Cambiar o directorio $HOME do usuario que executa o comando, é dicir, se
```

```
$HOME=/home/usuario, cambiarase ao directorio /home/usuario
```

```
$ cd - #Voltar ao directorio no que estabamos situados previo á ruta actual, neste caso voltará ao directorio raíz '/'
```

```
$ cd ~ #Equivale a cd $HOME ou ao comando cd, é dicir, voltar ao directorio de traballo do usuario.
```

```
$ cd /tmp/.. #Acceder a /tmp e logo voltar ao directorio pai, é dicir, acceder ao directorio raíz '/'.
```

```
$ cd /home/usuario/../../../../ #Acceder a /home/usuario, e logo permanecer nese directorio, e logo voltar ao directorio pai, e logo permanecer nese directorio, e logo voltar ao directorio pai, e logo voltar ao directorio pai do anterior, é dicir, acceder ao directorio raíz '/'.
```

- ls: Listar o contido do directorio actual (ficheiros e directorios). A non ser que se empregue a opción -a non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerados como ficheiros ocultos

```
$ ls -l #Listar o contido do directorio actual (ficheiros e directorios) de forma extendida, amosando os permisos do ficheiro, o número de ligazóns que ten, o nome do usuario propietario, o do grupo ao que pertenece, o tamaño (en bytes), unha marca de tempo, e o nome do ficheiro. De forma predeterminada, a marca de tempo que se amosa é a da última modificación (mtime). Para ficheros especiais de dispositivo o campo de tamaño sustitúese comúnnemente polos números de dispositivo maior e menor. Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerados como ficheiros ocultos
```

```
$ ls -i #Listar o contido do directorio actual (ficheiros e directorios) precedendo a saída para o ficheiro polo número de serie do ficheiro (inodo). Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerandos como ficheiros ocultos
```

```
$ ls -a #Listar o contido do directorio actual (ficheiros e directorios) amosando os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), os cales son considerados como ficheiros ocultos
```

```
$ ls -l -i -a #Executar o comando ls coas opcións -l, -i e -a
```

```
$ ls -lia #Comando equivalente ao anterior. As opcións dos comandos pódense concatenar sen espazos a continuación dun carácter -
```

```
$ ls -liahtr #Executar o comando ls coas opcións -l, -i, -a, -h, -t e -r. A opción -h engade unha letra indicativa de tamaño, tal como M para megabytes binarios ('mebibytes'), a cada tamaño. A opción -t clasifica polo tempo de modificación (o 'mtime' no inodo) en vez de alfabeticamente, cos ficheros más recientes en primeiro lugar. A opción -r clasifica en orde inversa. Polo tanto, o comando lista ficheiros e directorios do directorio actual amosando de abaxo hacia arriba os más recentes e en formato de lectura de tamaño más amigable para as persoas (K, M, G...)
```

```
$ ls -R #Listar o contido (ficheiros e directorios) do directorio actual e de todos os seus subdirectorios, é dicir, listar de forma recursiva dende o directorio actual. Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerandos como ficheiros ocultos
```

```
$ ls /tmp #Listar o contido (ficheiros e directorios) do directorio /tmp. Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerandos como ficheiros ocultos
```

```
$ ls -R /tmp #Listar o contido (ficheiros e directorios) do directorio /tmp e de todos os seus subdirectorios, é dicir, listar de forma recursiva dende o directorio /tmp. Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerandos como ficheiros ocultos
```

```
$ ls -R / #Listar o contido (ficheiros e directorios) de todo o sistema operativo (/). Non se listarán os ficheiros que comezan polo caracter punto (.), que son considerandos como ficheiros ocultos
```

- mkdir: Crear directorios.

```
$ mkdir /tmp/dir1 #Crear o directorio dir1 dentro de /tmp
```

```
$ mkdir /tmp/dir2 /tmp/dir3 /tmp/dir4 #Crear os directorios dir2, dir3, dir4 dentro de /tmp
```

```
$ mkdir /tmp/dir1/dirA/dirB #Comando erróneo porque para crear dirB, debe existir dirA dentro de /tmp/dir1
```

```
$ mkdir -p /tmp/dir1/dirA/dirB #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao directorio final dirB, é dicir, crease dirB e todos os directorios que non existan para chegar a crear dirB
```

- rmdir: Eliminar directorios baleiros.

```
$ rmdir /tmp/dir4 #Eliminar o directorio /tmp/dir4

$ rmdir /tmp/dir1/dirA #Comando erróneo. Non se pode eliminar o directorio /tmp/dir1/dirA,
porque non está baleiro, xa que contén o directorio dirB

$ cd /tmp #Cambiar o directorio de traballo a /tmp, é dicir, acceder a /tmp

$ rmdir -p ./dir1/dirA/dirB #Eliminar todos os directorios e subdirectorios da ruta indicada
dentro de /tmp. Así, sería equivalente á facer: rmdir /tmp/dir1/dirA/dirB; rmdir /tmp/dir1/dirA; rmdir
/tmp/dir1

$ mkdir -p /tmp/dir1/dirA/dirB #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao
directorío final dirB, é dicir, crease dirB e todos os directorios que non existan para chegar a crear
dirB

$ rmdir -p dir1/dirA/dirB #Eliminar todos os directorios e subdirectorios da ruta indicada dentro
de /tmp. Así, sería equivalente á facer: rmdir /tmp/dir1/dirA/dirB; rmdir /tmp/dir1/dirA; rmdir
/tmp/dir1

$ mkdir -p /tmp/dir1/dirA/dirB #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao
directorío final dirB, é dicir, crease dirB e todos os directorios que non existan para chegar a crear
dirB

$ rmdir -p /tmp/dir1/dirA #Comando erróneo. Non se pode eliminar o directorio /tmp/dir1/dirA,
porque non está baleiro, xa que contén o directorio dirB
```

- rm: Eliminar ficheiros e directorios, incluso os directorios baleiros.

```
$ touch /tmp/1.tmp /tmp/2.tmp /tmp/3.tmp /tmp/4.tmp #Crear os arquivos /tmp/1.tmp,
/tmp/2.tmp, /tmp/3.tmp e /tmp/4.tmp se non existen. Se existen modifica as datas de acceso,
modificación e cambio.

$ rm /tmp/4.tmp #Eliminar o ficheiro /tmp/4.tmp

$ rm /tmp/2.tmp /tmp/3.tmp #Eliminar os ficheiros /tmp/2.tmp e /tmp/3.tmp

$ mkdir -p /tmp/dir1/dirA/dirB #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao
directorío final dirB, é dicir, crease dirB e todos os directorios que non existan para chegar a crear
dirB

$ rm /tmp/dir1/dirA/dirB #Comando erróneo. Como dirB é un directorio, baleiro ou non, para
poder borrarlo debemos emplegar a opción -r, senón rm soamente eliminará ficheiros e non
directorios

$ rm -r /tmp/dir1/dirA/dirB #Eliminar o directorio, baleiro ou non, dirB situado en /tmp/dir1/dirA

$ rm -r /tmp/dir1/ #Eliminar á árbore de directorios, baleiros ou non, a partir do directorio
especificado, neste caso dir1, é dicir, borra todo (ficheiros e directorios) de forma recursiva a partir
de /tmp/dir1, incluído dir1

$ mkdir -p /tmp/dir1/dirA/dirB #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao
directorío final dirB, é dicir, crease dirB e todos os directorios que non existan para chegar a crear
dirB

$ rm -rf /tmp/dir1/ #Eliminar á árbore de directorios sen pedir confirmación (opción -f), baleiros
ou non, a partir do directorio especificado, neste caso dir1, é dicir, borra todo (ficheiros e
directorios) de forma recursiva a partir de /tmp/dir1, incluído dir1
```

- cp: Copiar ficheiros e directorios

```
$ cp /etc/passwd /tmp #Copiar o ficheiro orixe /etc/passwd no ficheiro destino /tmp/passwd

$ ls -l /etc/passwd /tmp/passwd #Listar en formato extendido os ficheiros /etc/passwd e
/tmp/passwd

$ cp -pv /etc/passwd /tmp #Copiar o ficheiro orixe /etc/passwd no ficheiro destino /tmp/passwd,
e coa opción -p preservando os permisos(ugo) e datas no ficheiro destino /tmp/passwd. E coa opción
-v en modo detallado (verbose)

$ ls -l /etc/passwd /tmp/passwd #Listar en formato extendido os ficheiros /etc/passwd e
/tmp/passwd

$ cp /etc/passwd /etc/group /tmp #Copiar os ficheiros orixe /etc/passwd e /etc/group no
```

directorio destino /tmp

```
$ cp -Rv $HOME /tmp #Copiar de forma recursiva o directorio $HOME en /tmp, é dicir, se $HOME=/home/usuario copiar todo /home/usuario en /tmp
```

- ln: Crear enlaces entre ficheiros

```
$ cp /etc/passwd /tmp #Copiar o ficheiro orixe /etc/passwd no ficheiro destino /tmp/passwd
```

```
$ cd /tmp #Cambiar o directorio de traballo a /tmp, é dicir, acceder a /tmp
```

```
$ ln -s passwd PASSWD-SYMBOLIC #Crear na ruta actual a ligazón simbólica PASSWD-SYMBOLIC que apunta a /tmp/passwd
```

```
$ ls -li passwd PASSWD-SYMBOLIC #Listar os ficheiros /tmp/passwd, PASSWD-SYMBOLIC de forma extendida precedendo as súas saídas polos números de serie dos ficheiros (inodos).
```

```
$ ln passwd PASSWD-HARD #Crear na ruta actual a ligazón dura PASSWD-HARD que apunta a /tmp/passwd. Nesta caso non se crea un novo ficheiro, senón un novo nome de ficheiro que apunta ao mesmo inodo.
```

```
$ ls -li passwd PASSWD-SYMBOLIC PASSWD-HARD #Listar os ficheiros /tmp/passwd, PASSWD-SYMBOLIC, PASSWD-HARD de forma extendida precedendo as súas saídas polos números de serie dos ficheiros (inodos).
```

- mv: Mover (renomear) ficheiros e directorios

```
$ cp /etc/passwd /tmp #Copiar o ficheiro orixe /etc/passwd no ficheiro destino /tmp/passwd
```

```
$ mv /tmp/passwd /tmp/passwd1 #Mover o ficheiro /tmp/passwd a /tmp/passwd1. Como movemos á mesma ruta en realidade estamos a renomear o ficheiro.
```

```
$ mkdir -p /tmp/directorio1/directorio2/directorio3 #Crear todos os directorios e subdirectorios ata chegar ao directorio final directorio3, é dicir, crease directorio3 e todos os directorios que non existan para chegar a crear directorio3
```

```
$ mv /tmp/passwd1 /tmp/directorio1/directorio2/ #Mover o ficheiro /tmp/passwd1 dentro do directorio /tmp/directorio1/directorio2
```

```
$ mv /tmp/directorio1/directorio2 /tmp #Mover o directorio /tmp/directorio1/directorio2 e todo o seu contido a /tmp
```

```
$ touch /tmp/directorio1/ff1.tmp /tmp/directorio1/ff2.tmp /tmp/directorio1/ff3.tmp /tmp/directorio1/ff4.tmp #Crear os arquivos /tmp/directorio1/ff1.tmp, /tmp/directorio1/ff2.tmp, /tmp/directorio1/ff3.tmp e /tmp/directorio1/ff4.tmp se non existen. Se existen modifica as datas de acceso, modificación e cambio.
```

```
$ mv /tmp/directorio1/ff?.tmp /tmp/directorio2/directorio3 #Mover a /tmp/directorio2/directorio3 os ficheiros existentes na ruta /tmp/directorio1 onde o nome comeza por 3 caracteres, os 2 primeiros son ff e o terceiro, que debe existir, pode ser calquera caracter, e que acabe cos caracteres .tmp
```

```
$ mv /tmp/directorio2/directorio3/*.tmp /tmp/directorio1 #Mover a /tmp/directorio1 os ficheiros existentes na ruta /tmp/directorio2/directorio3 onde o nome comeza por ningún caracter ou calquera número de caracteres sempre e cando remate cos caracteres .tmp
```

- pwd: Amosar o nome do directorio de traballo actual

```
$ cd ~ #Equivale a cd $HOME ou ao comando cd, é dicir, voltar ao directorio de traballo do usuario.
```

```
$ pwd #Devolver o nome do directorio actual. Neste caso o directorio de traballo do usuario
```

```
$ cd /tmp #Acceder ao directorio /tmp
```

```
$ pwd #Devolver o nome do directorio actual. Neste caso o directorio /tmp
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Comandos básicos

cat, head, tail, tac, nl, wc, less, more, type, diff, touch, md5sum, sha512sum

- cat: Ver contido de ficheiros.

```
$ cat /etc/passwd #Ver o contido do ficheiro /etc/passwd  
$ cat /etc/group #Ver o contido do ficheiro /etc/group  
$ cat -n /etc/group #Ver o contido do ficheiro /etc/group numerando as liñas
```

- head: Por defecto ver o contido das 10 primeiras liñas dun ficheiro.

```
$ head /etc/passwd #Ver o contido das 10 primeiras liñas do ficheiro /etc/passwd  
$ head -n 8 /etc/passwd #Ver o contido das 8 primeiras liñas do ficheiro /etc/passwd  
$ head -8 /etc/passwd #Igual que o comando anterior
```

- tail: Por defecto ver o contido das 10 últimas liñas dun ficheiro.

```
$ tail /etc/passwd #Ver o contido das 10 últimas liñas do ficheiro /etc/passwd  
$ tail -n 8 /etc/passwd #Ver o contido das 8 últimas liñas do ficheiro /etc/passwd  
$ tail -8 /etc/passwd #Igual que o comando anterior  
$ tail -f /etc/passwd #Deixar aberto o ficheiro /etc/passwd para lectura, comenzando a ver polas 10 últimas liñas.  
$ tail -n 2 -f /etc/passwd #Deixar aberto o ficheiro /etc/passwd para lectura, comenzando a ver polas 2 últimas liñas.  
$ tail -f /var/log/syslog #Deixar aberto o ficheiro /var/log/messages para lectura, comenzando a ver polas 10 últimas liñas. Moi empregado na revisión de logs. Neste caso como o usuario non ten permisos de lectura sobre o ficheiro a execución do comando amosará un erro.  
$ tail -n 2 -f /var/log/syslog #Deixar aberto o ficheiro /var/log/messages para lectura, comenzando a ver polas 2 últimas liñas. Moi empregado na revisión de logs. Neste caso como o usuario non ten permisos de lectura sobre o ficheiro a execución do comando amosará un erro.  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúmente empregado nas ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.
```

```
# tail -f /var/log/syslog #Deixar aberto o ficheiro /var/log/messages para lectura, comenzando a ver polas 10 últimas liñas. Moi empregado na revisión de logs  
# tail -n 2 -f /var/log/syslog #Deixar aberto o ficheiro /var/log/messages para lectura, comenzando a ver polas 2 últimas liñas. Moi empregado na revisión de logs  
# tail -2 -f /var/log/syslog #Comando erróneo xa que a opción -2 esta a ser empregado nun contexto inválido, ao empregar tamén a opción -f  
# exit #Pesar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root
```

- tac: O inverso de cat, é dicir, ver o contido dun ficheiro empezando dende a última liña ata a primeira.

```
$ tac /etc/passwd #Ver o contido do ficheiro /etc/passwd empezando dende a última liña ata a primeira  
$ tac -n /etc/passwd #Erro. Non existe a opción -n
```

- nl: Ver o contido dos ficheiros numerando as liñas.

```
$ nl /etc/passwd #Ver o contido do ficheiro /etc/passwd numerando as liñas
```

- wc: Imprimir o número de liñas, palabras, caracteres e bytes dos ficheiros.

```
$ wc -l /etc/passwd #Imprimir o número de liñas do ficheiro /etc/passwd  
$ wc -m /etc/passwd #Imprimir o número de caracteres do ficheiro /etc/passwd
```

```
$ wc -c /etc/passwd #Imprimir o reconto de bytes do ficheiro /etc/passwd
```

```
$ wc -w /etc/passwd #Imprimir o número de palabras do ficheiro /etc/passwd
```

- less: Ver contido dun ficheiro podendo moverse por el a través das teclas frechas (\leftarrow , \uparrow , \rightarrow , \downarrow), ou <AvPág> e <RePág>

```
$ less /etc/passwd
```

- more: Ver contido dun ficheiro paxinado facendo pausa según as dimensíons da pantalla. Non permite retroceder para voltar a visionar parte do arquivo mostrado.

```
$ more /etc/passwd
```

- diff: Compara 2 arquivos amosando as súas diferencias.

- cp -pv /etc/passwd /tmp/passwd

- diff /etc/passwd /tmp/passwd

- diff /etc/passwd /etc/group

- touch: Permite modificar datas(acceso, modificación, cambio) de arquivos . Ademais permite xerar ficheiros baleiros se non existen.

```
$ touch /tmp/a.tmp #Crea o arquivo /tmp/a.tmp se non existe. Se existe modifica as datas de  
acceso, modificación e cambio.
```

- md5sum: Crea hash MD5.

```
$ md5sum /etc/passwd #Crea hash MD5 do ficheiro /etc/passwd
```

- sha512sum: Crea hash SHA512.

```
$ sha512sum /etc/passwd #Crea hash SHA512 do ficheiro /etc/passwd
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Metacaracteres: ?, *, [...]

? (1 carácter)

* (cero ou varios caracteres)

[...] (algún dos caracteres indicados)

Escenario

A maiores dos que poidan existen no cartafol /tmp vanse crear os seguintes ficheiros:

```
$ touch /tmp/proba1 /tmp/proba2 /tmp/proba12 /tmp/proba23 /tmp/probA1 /tmp/probA2 /tmp/probA12  
/tmp/probA23 #Creación de ficheiros baleiros en /tmp
```

Práctica

- ?: 1 carácter.

```
$ ls /tmp/proba? #Lista /tmp/proba1, /tmp/proba2
```

```
$ ls /tmp/proba?? #Lista /tmp/proba12, /tmp/proba23
```

```
$ ls /tmp/proba??? #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/probA? #Lista /tmp/probA1, /tmp/probA2
```

```
$ ls /tmp/probA?? #Lista /tmp/probA12, /tmp/probA23
```

```
$ ls /tmp/probA??? #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/prob?? #Lista /tmp/proba1, /tmp/proba1, /tmp/proba2, /tmp/proba2
```

```
$ ls /tmp/prob??? #Lista /tmp/proba12, /tmp/probA12, /tmp/proba23, /tmp/probA23
```

```
$ ls /tmp/prob???? #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/?proba1 #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```

- *: 0 ou varios caracteres.

```
$ ls /tmp/prob* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/*ro* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/p* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente
```

```
$ ls /tmp/*b* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/proba* #Lista /tmp/proba1, /tmp/proba12, /tmp/proba2, /tmp/proba23

$ ls /tmp/probA* #Lista /tmp/probA1, /tmp/probA12, /tmp/probA2, /tmp/probA23

$ ls /tmp/*A* #Lista /tmp/probA1, /tmp/probA12, /tmp/probA2, /tmp/probA23

$ ls /tmp/*p* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/^probA23* #Lista /tmp/probA23
```

- [...]: algún dos caracteres indicados.

```
$ ls /tmp/[prob] #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/[prob*] #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/prob[aA]1 #Lista /tmp/proba1, /tmp/probA1

$ ls /tmp/prob[aA][12] #Lista /tmp/proba1, /tmp/probA1, /tmp/proba2, /tmp/probA2

$ ls /tmp/prob[aA][123] #Lista os mesmos que o comando anterior: /tmp/proba1, /tmp/probA1, /tmp/proba2, /tmp/probA2

$ ls /tmp/prob[aA][12][3] #Lista /tmp/proba23, /tmp/probA23

$ ls /tmp/[pr]ob[aA][12][3] #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```

- Combinados:

```
$ ls /tmp/??[rR]o* #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/?[rR]o* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/prob[aA]* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/prob?* #Lista todos os ficheiros creados anteriormente

$ ls /tmp/prob?[aA]* #Non lista ningún dos ficheiros creados anteriormente
```



PROMPTS

echo \$PS<Tab><Tab>

- Son variables de entorno
- Tipos:
 - PS0--> Prompt para shells interactivos. Amosa unha mensaxe logo de ler un comando e antes da súa execución.
 - PS1-->Prompt primario --> Normalmente indica:
usuario@maquina:cartafol_actual\$
- Modifícase permanentemente en:
 - `~/.bashrc` (`~` = `$HOME`) para un usuario particular
 - `/etc/bash.bashrc` para todos los usuarios.
- PS2--> Prompt secundario --> Por defecto vale `>`. Emprégase para o modo entrada multiliña.
- PS3--> Prompt de programación --> Valor por defecto `#?`. Emprégase en select para os elementos de control de selección.
- PS4--> Prompt de depuración --> Por defecto `+`. Aparece ao comezo de cada liña naméntras estase depurando o script (bash -x ou set -x)
- Opcións de prompt--> Caracteres de escape: `LANG=en_US` man bash (buscar PROMPTING).

Práctica

1. Abrir terminal e executar os seguintes comandos:

```
alumno@debian:~$ echo $PS<Tab><Tab>
$PS1 $PS2 $PS4
alumno@debian:~$ echo $PS0

alumno@debian:~$ echo $PS1
\[ \e ]0; \u@ \h : \w \a \] ${debian_chroot:+($debian_chroot)} \u@ \h : \w \$

alumno@debian:~$ echo $PS2
>

alumno@debian:~$ echo $PS3

alumno@debian:~$ echo $PS4
+
```

2. Modificar prompt PS0:

```
alumno@debian:~$ PS0='Executando... \n'
alumno@debian:~$ echo Ola mundo
```

3. Modificar prompt PS1:

```
alumno@debian:~$ PS1='Ola mundo! -Por ser orixinais-> '
```

4. Modificar prompt PS1 coas opcións: `\d:\T:\l:\!`

```
alumno@debian:~$ PS1='${debian_chroot:+($debian_chroot)} \u@ \h : \w \d : \T : \l : ! \$ '
```

5. Modificar prompt PS1 coa opción `\D` (ver `man strftime` para os seus argumentos):
`\D{A %e %B %G %T}:\!`

```
alumno@debian:~$ PS1='${debian_chroot:+($debian_chroot)} \u@ \h : \w \D{A %e %B %G %T}:\! \$ '
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Variables e comiñas, comiñas e variables

Crear variables

Para crear unha variable soamente temos que identificala cun nome e igualala ao seu valor, por exemplo:

```
# Caracteres backticks ou comiñas invertidas
IP=`/sbin/ifconfig eth0`
#####Alternativa a estas comiñas: $()
IP=$(/sbin/ifconfig eth0)

# Comiñas simples
RUTA_PRINCIPAL='/home/alumno'

# Comiñas dobles
NOME="usuario"
RUTA_SECUNDARIA="$RUTA_PRINCIPAL/tmp"
```

- **Definición simplificada:** As variables en Bash se definen como NOME=valor (sen espazos antes ou despois do símbolo =) e o seu valor emprégase, poñendo o símbolo \$ diante do nome da variable, \$NOME.
- **Definición xenérica:** NOME=\${valor}.
- A forma xenérica debe empregarse sempre que a variable vaia seguida de letra, díxito ou guión baixo; noutro caso pode empregarse a forma simplificada.

Práctica

EXEMPLO A:

```
$ NOME='Ricardo'
$ APELIDO1='Feijoo'
$ APELIDO2='Costa'
$ echo $NOME_${APELIDO1}_${APELIDO2}
```

A execución deste exemplo devolve a seguinte saída na consola:

Costa

EXEMPLO B:

```
$ NOME='Ricardo'
$ APELIDO1='Feijoo'
$ APELIDO2='Costa'
$ echo ${NOME}_${APELIDO1}_${APELIDO2}
```

A execución deste exemplo devolve a seguinte saída na consola:

Ricardo_Feijoo_Costa

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

SHELL BASH: /bin/bash

echo \$SHELL

- Orde de preferencia: 5 tipos

alias -->keywords -->functions --> **builtin** --> file

onde:

alias --> \$HOME/.bashrc, /etc/bashrc

keywords --> palabras clave: function, if, for...

functions --> funcións: nome_funcion() {...}

builtin --> comandos internos: cd, type... Son internos a Bash e están sempre cargados na súa memoria.

file --> scripts e programas executables (según PATH)

Práctica

- `type <nombre_comando>`: amosa información sobre o tipo de comando
- `type type`: amosa información sobre o comando `type`
- `help`: Amosa a axuda dos comandos internos, xa que o man non a posúe.

\$ help help #amosa información sobre o comando interno `help`

\$ help cd

\$ help #amosa todos os comandos internos

\$ help type #amosa información sobre o comando interno `type`

- `type -t`: amosa o tipo do/s comando/s pasado/s como argumento/s

\$ type -t ls

- `type -a`: amosa tódolos valores nos tipos do/s comando/s pasado/s como argumento/s, é dicir, tódalas posibilidades de ejecución do/s comando/s.

\$ type -a ls

- **command** : Na súa execución soamente busca comandos builtin e file

\$ type -t ls

\$ type -a ls

\$ alias ls='echo'

\$ type -t ls

\$ type -a ls

\$ ls

\$ command ls

\$ unalias ls

\$ ls

- **builtin** : Na súa execución soamente busca comandos internos (builtin)

\$ type -t cd

\$ type -a cd

\$ cd /tmp

\$ builtin cd

\$ alias cd='echo'

```
$ type -t cd  
$ type -a cd  
$ cd  
$ cd /tmp  
$ builtin cd /tmp  
$ unalias cd
```

- enable: Permite activar/desactivar comandos internos.

```
$ type -t enable  
$ type -a enable  
$ help enable  
$ enable -a  
$ enable -n  
$ enable -n cd  
$ enable -n  
$ enable -a  
$ cd /tmp  
$ builtin cd /tmp  
$ type -t cd  
$ type -a cd  
$ enable cd  
$ cd /tmp
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Historial de comandos

- history: Ver historial de comandos
- ~/.bash_history: Ficheiro onde se gardar os comandos executados feito logout.
- fc : Ver últimos comandos e editar un deles.
- !! : Executar último comando
- !nº : Executar comando número nº
- !comezo_comando : Executar último comando que comeze pola cadea comezo_comando
- <Ctrl>+<r> : Buscar no historial

Práctica

Abrir terminal e executar os seguintes comandos:

```
$ type -t history
$ help history
$ history
$ history -c
$ history
$ echo $HIST<Tab>
$ man bash (Buscar HISTSIZE e HISTFILESIZE)
$ help fc
$ fc -l
$ fc -l -n
$ fc nº_comando
$ ls
$ !!
$ !his<Enter>
$ id
$ groups
$ !!
$ <Ctrl>>+<r>his<Enter>
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Entrada e Saída: Redireccións e tuberías

STDIN (0), STDOUT(1), STDERR(2), >, >>, 2>, 2>>, <, cat > filename <<EOF...EOF, |, tee

- STDIN (0): Entrada estándar teclado
- STDOUT (1): Saída estándar consola
- STDERR (2): Saída estándar consola
- > : redirixir STDOUT a un ficheiro
- >> : redirixir STDOUT ao final dun ficheiro engadindo se o ficheiro existe
- 2> : redirixir STDERR a un ficheiro. ¡OLLO! Non existe espazo entre o número 2 e o signo maior
- 2>> : redirixir STDERR ao final dun ficheiro engadindo se o ficheiro existe. ¡OLLO! Non existe espazo entre o número 2 e os signos maior
- < : redirixir a entrada dun comando, ou ben, redirixir o contido dun ficheiro a STDIN
- cat > filename <<EOF...EOF : redirixir a entrada do escrito entre os EOF ao ficheiro filename. Moi empregado en scripts
- Tuberías | : comandoN | comandoM --> Recoller a saída do comandoN (antes da tubería) como entrada para o comandoM (logo da tubería), é dicir, filtrar mediante o comandoM a saída do comandoN.
- tee : copia a entrada estándar á saída estándar e ao ficheiros especificados,

Práctica

- STDIN (0): Entrada estándar teclado
- STDOUT (1): Saída estándar consola
- STDERR (2): Saída estándar consola
- > : redirixir STDOUT a un ficheiro

```
$ echo $HOME
$ su -
# echo $HOME
# exit
$ ls /tmp > $HOME/tmp.txt
$ cat $HOME/tmp.txt
$ /sbin/ifconfig > $HOME/ifconfig.txt
$ cat $HOME/ifconfig.txt
```
- >> : redirixir STDOUT ao final dun ficheiro engadindo se o ficheiro existe

```
$ ls /tmp > $HOME/tmp.txt
$ cat $HOME/tmp.txt
$ /sbin/ifconfig >> $HOME/tmp.txt
$ cat $HOME/tmp.txt
```
- 2> : redirixir STDERR a un ficheiro. ¡OLLO! Non existe espazo entre o número 2 e o signo maior

```
$ ls /tmpa
$ ls /tmpa 2> $HOME/tmp_errores.txt
```
- 2>> : redirixir STDERR ao final dun ficheiro engadindo se o ficheiro existe. ¡OLLO! Non existe espazo entre o número 2 e os signos maior

```
$ ls /tmpa 2> $HOME/tmp_errores.txt
$ /sbin/ifconfigas 2>> $HOME/tmp_errores.txt
```
- < : redirixir a entrada dun comando, ou ben, redirixir o contido dun ficheiro a STDIN

```
$ cat < $HOME/tmp.txt
$ tr e E < $HOME/ifconfig.txt
```

- cat > filename <<EOF...EOF : redirixir a entrada do escrito entre os EOF ao ficheiro filename. Comunmente empregado en scripts.

```
$ cat > /tmp/output.txt <<EOF
cat /etc/passwd | grep root
/sbin/ifconfig
EOF
$ cat /tmp/output.txt
```
- Tuberías | : comandoN | comandoM --> Recoller a saída do comandoN (antes da tubería) como entrada para o comandoM (logo da tubería), é dicir, filtrar mediante o comandoM a saída do comandoN.

```
$ history | tail -20
$ cat $HOME/ifconfig.txt | tr eth ETH
```
- tee : copia a entrada estándar á saída estándar e ao ficheiros especificados,

```
$ /sbin/ifconfig | tee $HOME/ifconfig_tee.txt
$ ls /tmp | tee -a $HOME/ifconfig_tee.txt
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

cut, awk, sed, tr, find, -exec, xargs

Práctica

- cut: Corta seccións(bytes, caracteres ou campos) por cada liña na que actúa nun ficheiro ou sobre a entrada estándar. Por defecto o campo delimitador é o carácter de tabulación. Se se emprega un campo delimitador distinto, soamente pode ser un carácter, e será o empregado na saída para delimitar os campos.
- awk: Modifica patróns de texto orixe por patróns de texto destino e é tamén unha linguaxe de programación.
- sed: Modifica patróns de texto orixe por patróns de texto destino.
- tr: Modifica patróns de texto orixe por patróns de texto destino, carácter a carácter.
- find: Búsqueda de ficheiros e directorios.
- -exec: Opción de find que permite realizar comandos sobre o atopado na procura con find.
- xargs: Permite construir listas de parámetros e realizar comandos sobre as listas xeradas derivadas da execución doutros comandos.

Práctica

```
$ rm -f /tmp/users.csv /tmp/Users.csv  
Eliminar de xeito forzoso(ignorando avisos e se existen ou non) os ficheiros /tmp/users.csv e /tmp/Users.csv
```

```
$ cat > /tmp/users.csv <<EOF  
"Usuario","Contrasinal","Shell","Directorio de entrada ao sistema"  
"user1","p1","/bin/bash","/tmp"  
"user2","p2","/bin/false","/home/user2"  
"user3","p3","/bin/bash","/home/user3"  
"user4","p4","/bin/bash","/tmp"  
"user5","p5","/bin/bash","/tmp"  
"user6","p6","/bin/false","/home/user6"  
"user7","p7","/bin/bash","/tmp"  
"user8","p8","/bin/bash","/home/user8"  
"user9","p9","/bin/false","/tmp"  
"user10","p10","/bin/bash","/tmp"  
EOF
```

Crear ficheiro users.csv en /tmp

```
$ cd /tmp  
Acceder ao cartafol /tmp
```

```
$ cat users.csv  
Amosar contido do ficheiro users.csv
```

```
$ cut -f1 users.csv  
Co -f1 quérrese amosar a primeira columna sendo o campo de separación o tabulado, xa que non existe no comando o parámetro -d. Entón, o que acontece é que como non existen caracteres de tabulación, amósase todo o contido do ficheiro.
```

```
$ cat users.csv | cut -f1  
Comando equivalente ao anterior.
```

```
$ cut -d, -f1 users.csv  
Existe o parámetro -d, entón o campo de separación é o carácter ','. Agora soamente se amosa a primeira columna sendo a separación entre columnas o carácter ','
```

```
$ cat users.csv | cut -d, -f1  
Comando equivalente ao anterior.
```

```
$ cut -d, -f1,2 users.csv  
Campo de separación: o carácter ','. Amósase a columna1 e a columna2 separadas polo carácter ','
```

```
$ cut -d, -f2,1 users.csv  
Comando equivalente ao anterior, é dicir, non amosa primeiro a columna2 e logo a columna1, senón que amosa primeiro a columna1 e logo a columna2 separadas polo carácter ','
```

```
$ cat users.csv | cut -d, -f1,2  
Comando equivalente ao anterior.
```

```
$ cut -d, -f1,3 users.csv  
Campo de separación: o carácter ','. Amósase a columna1 e a columna3 separadas polo carácter ','
```

```
$ cut -d, -f1-3 users.csv  
Campo de separación: o carácter ','. Amósase as columnas dende a columna1 ata a columna3 separadas polo carácter ','
```

```
$ cut -d, -f3 users.csv
```

Comando equivalente ao anterior.

```
$ cut -d, -f3- users.csv
```

Campo de separación: o carácter ','. Amósase as columnas dende a columna3 ata o final do ficheiro separadas polo carácter ','.

```
$ cut -c1-10 users.csv
```

Amósase os primeiros 10 caracteres do ficheiro users.csv

```
$ cut -d, -f3-1 users.csv
```

Comando erróneo porque o rango solicitado é decrecente.

```
$ cut -c -f10-1 users.csv
```

- pepito ALL = SERVICIOS #O usuario pepito pode executar en calquera host o Alias SERVICIOS
- ADMINS ALL = /sbin/ifconfig #Os usuarios definidos no alias ADMIN en calquera host pueden executar o comando /sbin/ifconfig
- pepito ALL = (ALL) ALL #O usuario pepito pode executar en calquera host calquera comando de calquera usuario incluído os de root
- pepito ALL = (root) NOPASSWD: ALL #O usuario pepito pode executar en calquera host calquera comando de root e non se lle pedirá contrasinal

- who: Amosa quen está "logueado". Logs de /var/run/utmp
\$ who
\$ who -a
- w: Amosa quen está "logueado" e que está facendo. Logs de /var/run/utmp
\$ w
\$ w -l usuario
- last(logs de /var/log/wtmp), lastb (logs de /var/log/btmp), lastlog(logs de /var/log/lastlog): Información sobre accesos dos usuarios ao sistema.
\$ last
\$ lastb
\$ exit; su - #Trabucarse co contrasinal --> por ben o contrasinal na segunda petición do mesmo.
\$ lastb
\$ lastlog

- uptime: información sobre o tempo que o sistema leva encendido, o número de usuarios conectados e a carga media do sistema.
`$ uptime`
- /etc/passwd,/etc/shadow,etc/group,/etc/gshadow: Repetivamente ficheiros: información usuarios, contrasinais usuarios, grupos, contrasinais grupos
- id: Amosa información de usuario e grupo dun usuario.
`$ id`
`$ id -un`
`$ id username`
`$ id -un username`
- whoami: Amosa o usuario co que se están a executar os comandos. Equivale a id -un.
`$ whoami`
- groups: Amosa os grupos aos cales pertence un usuario.
`$ groups #Amosa os grupos aos cales pertence o usuario que executa o comando`
`$ groups username #Amosa os grupos aos cales pertence o usuario de nome username`
`$ groups root #Amosa os grupos aos cales pertence o usuario root`
- useradd: Crear usuario.
`# useradd -m -d /home/username -s /bin/bash username #Xerar usuario con:`
 1. `-m`: Crea \$HOME coa estrutura de ficheiros según modelo /etc/skel
 2. `-d`: Cartafol \$HOME=/home/username
 3. `-s`: Shell \$BASH=/bin/bash
- passwd: Xerar/modificar contrasinal
`$ passwd #Modificar contrasinal do usuario que executa o comando`
`# passwd username #Modificar contrasinal do usuario username`
`# passwd -l username #Bloquea contrasinal do usuario username`
`# passwd -u username #Desbloquea contrasinal do usuario username`
- usermod: Modificar usuario
`# usermod -g vboxdrv username #Forza o grupo vboxdrv para o grupo do usuario username`
`# usermod -a -G vboxdrv username #Engadir aos grupos secundarios o grupo vboxdrv para o usuario username`
`# usermod -L username #Bloquea a conta do usuario username`
`# usermod -U username #Desbloquea a conta do usuario username`
`# usermod -s /usr/sbin/nologin username #Cambia a shell do usuario username a /usr/sbin/nologin: Acceso mediante sudo ou ftp`
`# usermod -s /bin/false username #Cambia a shell do usuario username a /bin/false: Sen acceso.`
- chsh: Cambia a shell de traballo do usuario
`# chsh -s /usr/sbin/nologin username #Cambia a shell do usuario username a /usr/sbin/nologin: Acceso mediante sudo ou ftp`
`# chsh -s /bin/false username #Cambia a shell do usuario username a /bin/false: Sen acceso.`
- userdel: Eliminar usuario
`# userdel username #Eliminar o usuario username, pero segue existindo o seu cartafol $HOME co seu contido.`
`# userdel -r username #Eliminar o usuario username, e tamén o seu cartafol $HOME.`
- groupadd: Crear grupo
`# groupadd newgroup #Crea o grupo newgroup.`
`# groupadd -g 10101 newgroup #Crea o grupo newgroup co seu gid=10101`
- gpasswd: Crear/modificar contrasinal de grupo
`# gpasswd newgroup #Crea/modifica contrasinal para o grupo newgroup.`
- groupdel: Eliminar grupo
`# groupdel newgroup #Elimina o grupo newgroup.`
- groupmod: Modificar grupo
`# groupmod -n GROUPNEW newgroup #Cambia o nome do grupo newgroup a GROUPNEW.`
- chage: Cambiar tempo de expiración dun contrasinal de usuario: último cambio de contrasinal, caducidade do contrasinal, contrasinal inactiva, caducidade da conta do usuario, número de días mínimo e máximo entre cambios de contrasinal, número de días de aviso antes de caducidade do contrasinal
`$ chage -h #Amosa axuda sobre o comando chage.`
`$ chage -l username #Amosa información sobre as datas de caducidade dos contrasinais do usuario de nome username.`
`$ chage username #Sen opcións o comando chage opera de forma interactiva, preguntando os parámetros de caducidade, neste caso para o usuario de nome username.`
`$ chage -E 2020-02-01 username #Establece a data de caducidade do contrasinal do usuario de nome username ao 1 de febreiro de 2020.`
`$ chage -I 2 username #Deshabilita a conta do usuario de nome username logo de 2 días da data de caducidade do contrasinal.`
`$ chage -m 10 username #Cambia a 10 o número mínimo de días antes de cambiar o contrasinal para o usuario de nome username.`
`$ chage -M 20 username #Cambia a 20 o número máximo de días antes de cambiar o contrasinal para o usuario de nome username.`

- chfn: Modificar campo gecos (comentario sobre a información do usuario)
chfn #Sen opcións o comando chfn opera de forma interactiva, preguntando os parámetros gecos para o usuario que executa o comando, a saber: nome completo(fullname), número de habitación(dirección), teléfono do traballo, teléfono da casa e outros. Por defecto o usuario sen permisos de root non pode modificar nin o seu nome completo (fullname), nin outros. Os parámetros gecos aparecen separados por caracteres coma ',' no ficheiro /etc/passwd
chfn username #Cambiar o campo gecos para o usuario de nome username. Soamente root pode modificar o campo gecos doutro usuario.
chfn -f 'Nome Apelido1 Apellido2' username #Cambiar o fullname do campo gecos para o usuario de nome username. Soamente root pode modificar o fullname dun usuario.

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Repositorios

/etc/apt/sources.list

```
deb protocol://site.example.com/debian distribution component1 component2 component3  
deb-src protocol://site.example.com/debian distribution component1 component2 component3
```

- deb: paquetes binarios
- deb-src: paquetes fonte
- protocol: URL base para a orixe dos paquetes. Pode ser:
 - file:// para indicar a orixe local
 - http:// para indicar a orixe disponible nun servidor web
 - ftp:// para indicar a orixe disponible nun servidor FTP
 - cdrom:// para indicar a orixe disponible nun CD-ROM/DVD-ROM/Blu-ray
- distribution: code name (stretch, buster, bullseye, sid) ou release class (oldstable, stable, testing, unstable) respectivamente
- componentX: main ou contrib ou non-free
 - main: Cumpren DFSG
 - contrib: DFSG pero con dependencias que non cumpren DFSG
 - non-free: Non cumpren DFSG

NOTA: O repositorio stable-backports (buster-backports) contén retroadaptacións de paquetes, é dicir, son paquetes recentes que non existen nunha versión antigua e son recompilados para que poidan ser instalados en estas. Estas retroadaptacións sempre se crean dos paquetes Testing, asegurando así a súa actualización á versión estable cando a seguinte versión estable de Debian atópese disponible.

Para poder instalar paquetes de backports debemos indicalo explícitamente con calquera dos 2 comandos seguintes:

```
# apt-get install package/buster-backports  
# apt-get install -t buster-backports package
```

Nos comandos anteriores poderíase emplegar apt en vez de apt-get.

Práctica

1. Abrir terminal:

2. Facerse root (su -)

3. Modificar os repositorios, deixando o contido do arquivo /etc/apt/sources.list como segue:

```
## Debian Buster  
deb http://ftp.es.debian.org/debian/ buster main  
deb-src http://ftp.es.debian.org/debian/ buster main  
  
deb http://security.debian.org/ buster/updates main  
deb-src http://security.debian.org/ buster/updates main  
  
deb http://ftp.es.debian.org/debian/ buster-updates main  
deb-src http://ftp.es.debian.org/debian/ buster-updates main  
# Backports repository: testing packages  
##deb http://ftp.debian.org/debian buster-backports main contrib non-free  
##deb-src http://ftp.debian.org/debian buster-backports main contrib non-free
```

4. Actualizar o sistema. Executar:

```
apt-get update || apt update  
apt-get -y upgrade || apt -y upgrade
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Instalación de programas e paquetes

Práctica: Instalación de paquetes dende repositorios debian mediante apt

```
$ apt #Amosar o uso do comando apt  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúntamente empregado nas  
ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
  
# apt update #Actualizar lista de paquetes dispoñibles a instalar dos repositorios  
# apt search refcard #Buscar nas descripcións dos paquetes o patrón refcard  
# apt install debian-refcard #Instalar o paquete debian-refcard  
# apt search terminator #Buscar nas descripcións dos paquetes o patrón terminator  
# apt install terminator #Instalar o paquete terminator  
# apt install wine vim wget rsync screen screenfetch telnet netcat tree #Instalar os  
paquetes wine, vim, wget, rsync, screen, screenfetch, telnet, netcat, tree  
# screenfetch #Executar o comando screenfetch  
# tree #Amosar o contido de directorios en forma xerárquica arbórea  
# tree -L 1 / #Amosar o contido do directorio / en forma xerárquica arbórea, quedando soamente  
no nivel 1 de búsqueda  
# tree -L 2 / #Amosar o contido dos 2 primeiros niveis do directorio / en forma xerárquica arbórea  
# apt purge debian-refcard #Eliminar e purgar o paquete debian-refcard. É equivalente á  
opción remove pero ademais elimina calquera arquivo de configuración do paquete  
# echo 'deb http://deb.debian.org/debian buster-backports main contrib non-free' >>  
/etc/apt/sources.list #Engadir o repositorio backports á lista de repositorios  
# echo 'deb-src http://deb.debian.org/debian buster-backports main contrib non-free'  
>> /etc/apt/sources.list #Engadir o repositorio backports de fontes á lista de repositorios  
# apt update #Actualizar lista de paquetes dispoñibles a instalar dos repositorios  
# apt -y install -t buster-backports checkinstall #Instalar o paquete checkinstall dende  
backports  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$
```

Práctica: Instalación de paquetes mediante dpkg

```
$ cd /tmp #Acceder ao directorio /tmp  
$ apt-get download debian-refcard #Descargar o ficheiro deb do paquete buscado debian-refcard na  
ruta actual. Descargará soamente o paquete e non as súas dependencias.  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúntamente empregado nas  
ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
# cd /tmp #Acceder ao directorio /tmp  
# dpkg -i $(ls debian-refcard*) #Instalar o paquete descargado debian-refcard.  
# dpkg -l debian-refcard #Listar información sobre o paquete debian-refcard  
# dpkg -P debian-refcard #Eliminar e purgar o paquete debian-refcard. É equivalente á opción  
remove pero ademais elimina calquera arquivo de configuración do paquete  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$
```

Práctica: Instalación mediante compilación de sources (fontes)

```
$ cd /tmp #Acceder ao directorio /tmp  
$ wget http://nginx.org/download/nginx-1.17.6.tar.gz #Descargar na ruta actual o ficheiro nginx-1.17.6.tar.gz  
$ tar xvfz nginx-1.17.6.tar.gz #Descomprimir o ficheiro nginx-1.17.6.tar.gz  
$ cd nginx-1.17.6 #Acceder ao directorio nginx-1.17.6  
$ ./configure #Configurar o programa para a súa compilación, é dicir, indicar con que configuración faremos a compilación xerando ao final do proceso un arquivo de nome Makefile. Neste caso a configuración non é posible amosando o erro que a impide.  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúmente empregado nas ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
# apt search pcre #Buscar nas descripcións dos paquetes o patrón pcre  
# apt install libghc-pcre-light-prof #Instalar o paquete libghc-light-prof  
# apt search zlib #Buscar nas descripcións dos paquetes o patrón zlib  
# apt install zlib1g-dev #Instalar o paquete zlib1g-dev  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$ ./configure #Configurar o programa para a súa compilación, é dicir, indicar con que configuración faremos a compilación xerando ao final do proceso un arquivo de nome Makefile. Neste caso a configuración é posible xerando un arquivo Makefile.  
$ ls -l #Listar de forma extendida o contido do directorio actual  
$ make #Compilar nginx a través do Makefile xerado.  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúmente empregado nas ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
# cd /tmp/nginx-1.17.6 #Acceder ao directorio /tmp/nginx-1.17.6  
# make install #Instalar nginx.  
# /usr/local/nginx/sbin/nginx #Executar nginx  
# telnet localhost 80 #Comprobar se temos conectividade co porto TCP 80 (http)  
# nc -vz localhost 80 #Comprobar se temos conectividade co porto TCP 80 (http)  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$
```

Práctica: Instalación ficheiros .bin ou .run

- Insertar en VirtualBox o ficheiro VirtualGuestAdditions.iso.

```
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúmente empregado nas ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
# mount /dev/sr0 /mnt #Montar o dispositivo /dev/sr0 en /mnt  
# cd /mnt #Acceder ao directorio /mnt  
# ls -l #Listar de forma extendida o contido do directorio actual  
# file VBoxLinuxAdditions.run  
VBoxLinuxAdditions.run: POSIX shell script executable (binary data) #Amosar o tipo de ficheiro que se indica como parámetro  
# ./VBoxLinuxAdditions.run #Executar o script de instalación VBoxLinuxAdditions.run.  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$
```

Práctica: Instalación ficheiros .exe mediante wine

```
$ cd /tmp #Acceder ao directorio /tmp  
$ wget https://download.geogebra.org/package/win-autoupdate -O Geogebra-Windows-  
Installer-6-0-564-0.exe #Descargar o ficheiro .exe de Geogebra e gardalo co nome Geogebra-Windows-  
Installer-6-0-564-0.exe  
$ ls -l #Listar de forma extendida o contido do directorio actual  
$ wine Geogebra-Windows-Installer-6-0-564-0.exe #Instalar mediante wine o ficheiro .exe de  
Geogebra. O instalador crea (a primeira vez que se executa wine) ou garda configuracións e programas  
dentro da ruta ~/.wine propia ao usuario que executa o comando. O instalador atopa dependencias e  
permite instalalas.
```

Práctica: Instalación ficheiros portables (supostamente soamente habería que executalos)

```
$ wget https://download.geogebra.org/package/linux-port6 -O Geogebra-Linux64-Portable-6-  
0-564-0.zip #Descargar para arquitecturas 64bit o ficheiro portable .zip de Geogebra e gardalo co nome  
Geogebra-Linux64-Portable-6-0-564-0.zip  
$ wget https://download.geogebra.org/package/linux-port6-32 -O Geogebra-Linux32-  
Portable-6-0-564-0.zip #Descargar para arquitecturas 32bit o ficheiro portable .zip de Geogebra e  
gardalo co nome Geogebra-Linux32-Portable-6-0-564-0.zip  
$ unzip Geogebra-Linux32-Portable-6-0-564-0.zip #Descomprimir o ficheiro arquitectura 32bit  
Geogebra-Linux32-Portable-6-0-564-0.zip  
$ cd GeoGebra-linux-ia32 #Acceder ao directorio GeoGebra-linux-ia32  
$ ls -l #Listar de forma extendida o contido do directorio actual  
$ ls -l GeoGebra #Listar de forma extendida o ficheiro GeoGebra  
$ ./GeoGebra #Executar Geogebra. Este comando amosa erro e non permite a execución do programa  
porque faltan dependencias por cumplir, é dicir, no portable descargado non están autocontidas as  
librarias que se necesitan, polo que o programa non pode ser executado. Isto soe ser normal nos métodos  
de instalación que non revisan as dependencias necesarias.  
$ sudo su - #Acceder como root como se fixera login sen sudo. Comúmente empregado nas  
ISO LIVE de GNU/Linux para convertirse en root.  
# apt search libgconf #Buscar nas descripcións dos paquetes o patrón libgconf  
# apt install libgconf-2-4 #Instalar o paquete libgconf-2-4  
# exit #Pregar a consola de comandos do usuario actual, neste caso do usuario root  
$ ./GeoGebra #Executar GeoGebra. Este comando amosa erro áinda que agora permite a execución do  
programa.
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a **Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License**

systemd, systemctl, /etc/init.d

URLs de interese

- [Trixeta de Referencia para Debian GNU/Linux](#)
- [Servizos UNIX](#)

Práctica

```
# apt-get update #Actualizar repositorios

# apt-cache search openssh | grep server #Buscar paquetes openssh

# apt-cache search ^ssh server #Buscar paquetes cos patróns ssh e server

# apt-get install openssh-server #Instalar paquete openssh-server

# dpkg -l openssh-server #Listar información sobre o paquete openssh-server

# systemctl #Listar todos os servizos en execución

# systemctl | grep ssh #Buscar referencias sobre o servizo ssh

# systemctl status ssh.service #Ver o estado do servizo ssh

# /etc/init.d/ssh status #Equivale ao comando anterior

# service ssh status #Equivale ao comando anterior

# systemctl stop ssh.service #Parar o servizo ssh

# /etc/init.d/ssh stop #Equivale ao comando anterior

# service ssh stop #Equivale ao comando anterior

# systemctl start ssh.service #Arrancar o servizo ssh

# /etc/init.d/ssh start #Equivale ao comando anterior

# service ssh start #Equivale ao comando anterior

# systemctl enable ssh.service #Permite que o servizo ssh sexa iniciado no arranque xerando os links nos runlevels (/etc/rcX.d)

# find /etc/rc* -name "*ssh*" #Busca polas links runlevels nos cartafoles /etc/rc*

# systemctl disable ssh.service #Deshabilita o servizo ssh para que non sexa iniciado no arranque xerando/modificando os links nos runlevels (/etc/rcX.d)

# find /etc/rc* -name "*ssh*" #Busca polas links runlevels nos cartafoles /etc/rc*

# systemctl is-enabled ssh.service #Amosa se o servizo ssh está enabled ou disabled
```

Práctica

```
# cd /lib/systemd/system && ls #Amosa os ficheiros de systemd na ruta que son manipulados polo sistema  
# cd /etc/systemd/system && ls #Amosa os ficheiros de systemd na ruta que poden ser manipulados polo administrador  
  
# cd /etc/systemd/system && ls -l sshd.service #Amosa a ligazón simbólica do service ssh que apunta a  
/lib/systemd/system/sshd.service  
  
# cd /etc/systemd/system && cat sshd.service #Amosa a contido do service ssh  
  
# cd /lib/systemd/system && cat ssh.service #Equivale ao comando anterior xa que o arquivo sshd.service é unha ligazón ao  
arquivo ssh.service  
  
# cd /lib/systemd/system && ls *.service #Amosa os services de systemd  
  
# cd /lib/systemd/system && ls *.target #Amosa os targets de systemd  
  
# cd /lib/systemd/system && ls -l runlevel?.target #Amosa os targets equivalentes aos runlevels  
  
# find /lib/systemd/system -name "runlevel?.target" | xargs -I VAR bash -c 'echo VAR ; echo --- ; cat VAR ; echo --- ;\nsleep 10' #Atopa os targets equivalentes aos runlevels e amosa o seu contido esperando 10 segundos entre cada arquivo  
  
# find /lib/systemd/system -name "runlevel?.target" | sort | xargs -I VAR bash -c 'echo VAR ; echo --- ; grep -i description \  
VAR ; echo ---' #Atopa os targets equivalentes aos runlevels na orde ascendente de 0 a 6 e amosa o valor do patrón buscado  
Description  
  
# cd /lib/systemd/system && diff3 runlevel[2-4].target #Busca diferencias entre os targets equivalentes aos runlevels 2,3 e 4. Non  
atopa diferencias xa que os 3 arquivos son ligazón ao mesmo target: multi-user.target  
  
# cd /lib/systemd/system && ls -l runlevel[2-4].target #Os 3 arquivos listados son ligazóns simbólicas ao mesmo target: multi-  
user.target  
  
# cd /etc/systemd/system && ls -ld *target.wants #Amosa os cartafolos dos targets que posúen dependencias para o seu correcto  
funcionamento  
  
# cd /etc/systemd/system && ls -l *target.wants #Amosa as ligazóns dos cartafolos dos targets que posúen dependencias para o  
seu correcto funcionamento, é dicir, amosa que é o que precisan os targets(requires) para o seu correcto funcionamento  
  
# cd /etc/systemd/system && ls -lah $(ls -lah runlevel?.target | awk '{print $NF}' | sed 's/$/.wants/g' | sort -u | xargs) #Amosa  
as dependencias de cada runlevel para o seu correcto funcionamento  
  
# grep -Hi requires $(find /lib/systemd/system -type d -name "*.wants" | xargs -I VAR ls VAR) | sort -u #Amosa dependencias  
a través dos Requires de cada ficheiro de configuración
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

cron, atd

cron: /etc/crontab (global) , /var/spool/cron/crontabs/username

/etc/crontab (global)

minuto hora dia mes dia-semana usuario script(comando/s)

# EXECUTE BACKUP.SH SCRIPT EVERY SUNDAY AT 2:36 AM					
36 2 * * 7 root /usr/local/sbin/backup.sh					
36	2	*	*	7	root /usr/local/sbin/backup.sh
VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	- COMMAND TO EXECUTE
0-59	0-23	1-31	1-12	0-7	- EXECUTE COMMAND AS A USER ROOT
- DAY OF WEEK: Sunday =0, Monday =1, Tuesday=2, Wednesday=3 Thursday=4, Friday=5, Saturday=6, Sunday=7					
- MONTH: January =1, February=2, March=3, April=4, May=5, June=6 July=7, August=8, September=9, October=10, November=11, December=12					
- DAY OF MONTH					
- HOUR					
- MINUTE					

Imaxe tomada de <http://www.linuxconfig.org>

Variables de entorno (man 5 crontab)

Pódense definir variables como **SHELL**, **PATH**, **MAILTO**:

```
SHELL=/bin/bash
PATH=/usr/local/sbin:/usr/local/bin:/sbin:/bin:/usr/sbin:/usr/bin
MAILTO=pepito, pepito@example.local, user@gmail.com
##onde:
#####pepito é un usuario local
```

Pódense emplegar para cada un dos campos: o carácter * (todos os valores dende o primeiro ao último permitido), listas(carácter ,), rangos(carácter -), saltos(carácter /) e combinación destes. Así, para o campo minutos:

- **8,11:** Execútase a tarefa neses minutos, é dicir, no minuto 8 e no 11.
- **8-11:** Execútase a tarefa en tódolos minutos comprendidos entre o 8 e o 11, estes incluído, é dicir, nos minutos 8, 9, 10 e 11.
- **0-4, 8-12:** Combinación dos 2 anteriores. Executarase nos minutos: 0, 1, 2, 3, 4, 8, 9, 10, 11, 12
- ***/15:** Execútase a tarefa executarase cada 15 minutos.
- **0,15,30,45:** Equivale á liña anterior.
- **0-59/10:** Execútase cada 10 minutos dende o minuto 0 ao 59, é dicir, nos minutos 0, 10, 20, 30, 40 e 50.
- **0,10,20,30,40,50:** Equivale á liña anterior.

Práctica

```
17 * * * * root cd /tmp && example1.sh #Execútase como o usuario root o comando "cd /tmp && example1.sh"  
tódolos días a todas horas pasados 17 minutos de cada hora, é dicir, ás 00:17, 01:17, 02:17 ...23:17
```

```
17 4 * * * root cd /tmp && example1.sh #Execútase como o usuario root o comando "cd /tmp && example1.sh"
```

tódolos días ás 04:17h

17 4 12 * * root cd /tmp && example1.sh #Execútase como o usuario root o comando "cd /tmp && example1.sh"
tódolos días 12 de cada mes ás 04:17h

17 4 12 2 * root cd /tmp && example1.sh #Execútase como o usuario root o comando "cd /tmp && example1.sh"
tódolos 12 de Febreiro ás 04:17h

17 4 12 2 7 root cd /tmp && example1.sh #Execútase como o usuario root o comando "cd /tmp && example1.sh"
tódolos 12 de Febreiro sempre e cando sexa Domingo ás 04:17h

17 4 12 2 0 root cd /tmp && example1.sh #Equivale ao comando anterior

* * * * * root /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/tmp/example2.sh" en cada minuto

* * * * * root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash /tmp/example2.sh"
en cada minuto

0 0 1 1 * root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash
/tmp/example2.sh" o 1 de Xaneiro ás 00:00. **Equivale a @yearly**

@yearly root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

@annually root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

0 0 1 * * root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash /tmp/example2.sh"
o día 1 de cada mes ás 00:00. **Equivale a @monthly**

@monthly root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

0 0 * * 0 root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash /tmp/example2.sh"
tódolos domingos ás 00:00. **Equivale a @weekly**

@weekly root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

0 0 * * * root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash /tmp/example2.sh"
tódolos días ás 00:00. **Equivale a @daily**

@daily root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

@midnight root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

0 * * * * root /bin/bash /tmp/example2.sh #Execútase como o usuario root o comando "/bin/bash /tmp/example2.sh"
cada hora. **Equivale a @hourly**

@hourly root /bin/bash /tmp/example2.sh #Equivale ao comando anterior.

/var/spool/cron/crontabs/username

minuto hora dia mes dia-semana script(comando/s)

Todos os exemplos anteriores de /etc/crontab son válidos, soamente hai que ter en conta que no crontab de cada usuario existe unha columna menos. Así, os comandos anteriores son válidos eliminando a columna 6(respectiva ao usuario) do /etc/crontab.

```
$ crontab -l #Lista as tarefas programadas do usuario
```

```
$ crontab -e #Abre editor por defecto para poder modificar/crear as tarefas programadas do usuario. O editor por defecto é gardado na variable EDITOR, polo cal pódese modificar/crear esta variable para definir o editor por defecto para cron.
```

```
$ export EDITOR='/usr/bin/vim'; crontab -e #Abre o editor vim para poder modificar/crear as tarefas programadas do usuario.
```

atd

O comando **at** permite executar un script(comando/s) nun tempo determinado, obtendo a data e hora desexadas como parámetros.

```
# at 20:00 -f /tmp/exemplo3.sh #Executa o script "/tmp/exemplo3.sh" ás 20:00h
```

```
# at 20:00 12.02.16 -f /tmp/exemplo3.sh #Executa o script "/tmp/exemplo3.sh" o día 12 de Febreiro de 2016 ás 20:00h
```

```
# at now + 1 minutes -f /tmp/exemplo3.sh #Executa o script "/tmp/exemplo3.sh" no próximo minuto a partir de agora, é dicir, se o comando foi lanzado ás 19:56:32 executará a tarefa programada ás 19:57:00.
```

```
# at now + 15 minutes
```

```
at> reboot <Ctrl>+<d>
```

```
at> <EOT> #Reinicia o sistema pasados 15 minutos do instante actual
```

```
# at now + 2 hours
```

```
at> reboot <Ctrl>+<d>
```

```
at> <EOT> #Reinicia o sistema pasadas 2 horas do instante actual
```

```
# at 4pm + 3 days <Enter>
```

```
at> tar cvjf backup.tar.bz2 /var/www/site-example1
```

```
at> <Ctrl>+<d>
```

```
at> <EOT> #Pasados 3 días do actual e ás 16:00h executar o comando "tar cvjf backup.tar.bz2 /var/www/site-example1"
```

```
# at 15:00 <<EOF
```

```
> echo "Tarefa realizada" | mail pepito@example.local
```

```
> EOF #Envía un correo á dirección pepito@example.local as 15:00h
```

```
# atq #Lista a cola de tarefas programadas por at
```

```
# atrm numberid #Elimina a tarefa programada co identificador numberid
```

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)

Kernel: Parámetros de arranque



ESCENARIO: Para verificar o que acontece nas prácticas crear en VirtualBox 2 máquinas virtuais coas seguintes características:

1. MÁQUINA VIRTUAL 1:
 - Nome: **DebianKernel64**
 - RAM: 2048MB
 - Procesador: 2 ao 100%
 - ISO: Live Debian 64bits, escritorio XFCE
 - 1 disco duro dinámico:
 - Nome: **DebianKernel64.vdi**
 - Tamaño: 20GB
 - Ten instalado o SO GNU/Linux Debian 10 de 64bits.
 - Nome de usuario: usuario
 - Nome computador: usuario-pc
 - Contrasinal: abc123. (Ollo que o contrasinal ten un carácter punto final)
 - Primeira opción de arranque: Óptica
 - Segunda opción de arranque: Disco duro
2. MÁQUINA VIRTUAL 2:
 - Nome: **Live64**
 - RAM: 2048MB
 - Procesador: 2 ao 100% e PAE activado.
 - ISO: Live Debian 64bits, escritorio XFCE
 - Primeira opción de arranque: Óptica

Práctica 1

1. Arrancar a máquina virtual 1 creada en modo Inicio normal

VBoxManage startvm DebianKernel64

2. Ao ter como primeira opción de arranque Óptica detense o arranque do sistema operativo no xestor de arranque **SYSLINUX (isolinux)**, na súa primeira opción, á espera de escoller unha opción.



3. En calquera opción premer a tecla Tabulado ↲ para ver os parámetros de arranque co cal arranca o kernel.

4. Non modificar nada, escoller a primeira opción e premer a tecla Intro ↴ para arrancar con esos parámetros do kernel.

5. Na contorna gráfica (shell xfce) abrir un terminal e executar:

```
$ setxkbmap es #Cambiar o mapa de teclado ao idioma español.
```

```
$ cat /proc/cmdline #Amosar o contido de /proc/cmdline que contén os parámetros cos cales o kernel foi arrancado.
```

\$ init 6 #Comando para enviar o runlevel (nivel de execución) do sistema operativo ao nivel 6, equivalente a reiniciar o sistema. Trala execución deste comando amosarase un erro, debido a que o usuario sen permisos de root (administrador) non accede ao comando init, é dicir, non atopa o comando init no PATH que ten definido para a execución dos comandos..

```
$ echo $PATH #Ver o PATH definido para este usuario.
```

\$ whereis init #O comando whereis localiza os ficheiros binarios, fontes e páxinas do manual correspondentes a un programa, neste caso buscamos a información para o comando init. Atopamos que o comando está localizado en /usr/sbin/, a cal é unha ruta que non está definida no PATH do usuario (ver comando anterior echo \$PATH).

\$ /usr/sbin/init 6 #Comando para enviar o runlevel (nivel de execución) do sistema operativo ao nivel 6, equivalente a reiniciar o sistema. Agora como usuario sen privilexios de administrador podemos enviar a máquina ao nivel 6 de arranque (reiniciar) xa que é posible executar ese comando nesa ruta sen os privilexios de root.

6. Voltar a cargar o Live CD, é dicir, voltar a cargar o escenario da práctica.



7. Ao ter como primera opción de arranque Óptica detense o arranque do sistema operativo no xestor de arranque **SYSLINUX (isolinux)**, na súa primeira opción, á espera de escoller unha opción.

8. Na primeira opción premer a tecla Tabulado ↲ para ver os parámetros de arranque co cal arranca o kernel.

9. Eliminar as opcións **quiet** e **splash** e premer a tecla Intro ↴ para arrancar sen esos parámetros do kernel. Agora no arranque veremos todas as mensaxes que amosa o kernel para chegar a arrancar o sistema operativo.

10. Na contorna gráfica (shell xfce) abrir un terminal e executar:

```
$ setxkbmap es #Cambiar o mapa de teclado ao idioma español.
```

```
$ cat /proc/cmdline #Amosar o contido de /proc/cmdline que contén os parámetros cos cales o kernel foi arrancado.
```

\$ /usr/sbin/init 6 #Comando para enviar o runlevel (nivel de execución) do sistema operativo ao nivel 6, equivalente a reiniciar o sistema. Agora como usuario sen privilexios de administrador podemos enviar a máquina ao nivel 6 de arranque (reiniciar) xa que é posible executar ese comando nesa ruta sen os privilexios de root.

11. Voltar a cargar o Live CD, é dicir, voltar a cargar o escenario da práctica.



12. Ao ter como primera opción de arranque Óptica detense o arranque do sistema operativo no xestor de arranque **SYSLINUX (isolinux)**, na súa primeira opción, á espera de escoller unha opción.

13. Na primeira opción premer a tecla Tabulado ↲ para ver os parámetros de arranque co cal arranca o kernel.

14. Eliminar as opcións **quiet** e **splash**.



15. Premer unha vez a **barra espaciadora** para conseguir un espazo `_`, engadir a continuación **init=/bin/bash** e premer a tecla Intro `↵` para arrancar con novos parámetros do kernel. Agora no arranque veremos que non chegamos a arrancar o sistema operativo porque o primeiro proceso a chamar (init ou systemd) está modificado a /bin/bash, co cal en vez de facer unha chamada ao arranque do sistema operativo facemos unha chamada a unha consola de comandos, polo que, accedemos a unha consola onde temos permisos de root (administrador). **Olló!: Non está cargado completamente o sistema operativo, pero si está recoñecido o hardware.**

16. Executar:

```
# cat /proc/cmdline #Amosar o contido de /proc/cmdline que contén os parámetros cos cales o kernel foi arrancado.
```

```
# reboot -f #Reiniciar de forma forzosa, é dicir, reiniciar se pechar o sistema de xeito seguro.
```

Práctica2

Realizar de novo a Práctica1 pero agora no sistema operativo instalado no disco duro (ver escenario). Agora, teremos un novo xestor de arranque: **GRUB versión 2 ou GRUB 2**



1. Pór como primeira opción de arranque o Disco duro.
2. O xestor de arranque GRUB 2 arranca por defecto na súa primeira opción en 5segundos. Entón, parar o arranque deste primeira opción premendo as teclas frechas abaxo `↓`, arriba `↑`.
3. Seleccionar a primeira opción de arranque.
4. Premer a tecla **e** (edit) para poder editar os parámetros de arranque do kernel.
5. Moverse coa tecla frecha abaxo `↓` ata chegar á liña onde aparecen os parámetros **ro quiet splash**
6. Sustituir os parámetros **ro quiet splash** polos parámetros **rw init=/bin/bash**. e premer as teclas **<Ctrl> + x**, é dicir, `^x`, para arrancar a opción escollida con novos parámetros do kernel. Agora no arranque veremos que non chegamos a arrancar o sistema operativo porque o primeiro proceso a chamar (init ou systemd) está modificado a /bin/bash, co cal en vez de facer unha chamada ao arranque do sistema operativo facemos unha chamada a unha consola de comandos, polo que, accedemos a unha consola onde temos permisos de root (administrador). **Olló!: Non está cargado completamente o sistema operativo, pero si está recoñecido o hardware.**

7. Executar:

```
# cat /proc/cmdline #Amosar o contido de /proc/cmdline que contén os parámetros cos cales o kernel foi arrancado.
```

```
# passwd usuario #Modificar o contrasinal do usuario de nome usuario. Pór como contrasinal 1234. Repetir o contrasinal. Ollo: Non aparecen asteriscos nin outro tipo de caracteres para impedir saber cantos e cales caracteres estamos a escribir.
```

```
# reboot -f #Reiniciar de forma forzosa, é dicir, reiniciar se pechar o sistema de xeito seguro.
```

8. Deixar arrancar a opción por defecto e comprobar que agora o usuario de nome **usuario** ten o contrasinal modificado a **1234**

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a **Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License**

SHELL BASH: /bin/bash

Startup files

man 1 bash (INVOCATION)

Cando se inicia bash lense unha serie de ficheiros de arranque, os cales, cargan variables de entorno, o prompt do sistema (PS1), o PATH, alias...

- bash como login shell interactivo: cando entramos no sistema con login e password, usamos **su -**, ou iniciamos bash coa opción --login

/etc/profile (lese sempre) -->

--> ~/.bash_profile --> ~/.bash_login --> ~/.profile (busca no orde exposta e lese o primeiro que exista) -->

--> ~/.bash_logout (lese ao sair)

- bash como non-login shell interactivo: cando se abre unha nova consola sen login e password, usamos **su**, ou cando se inicia bash sen opcións

/etc/bash.bashrc (se existe) --->~/.bashrc (se existe)

- bash como shell non interactivo: cando se executa nun script busca pola variable BASH_ENV e expande o seu valor, e usa este valor como un ficheiro a ler e executar.

if [-n "\$BASH_ENV"]; then . "\$BASH_ENV"; fi

No caso de debian: shell interactivo

/etc/profile -->/etc/bash.bashrc -->~/.profile -->~/.bashrc -->~./bash_logout

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a [Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License](#)